

Páxina 111

Exercicio 1

Durante a tormenta de onte houbo moitos raios: enerxía eléctrica. Aínda que vaia frío, ao sol estase ben: enerxía calorífica. Tiveron que romper a parede cos martelos: enerxía mecánica. Os froitos secos son alimentos moi enerxéticos: enerxía química.

Exercicio 2

No motor do batedor, a enerxía eléctrica transfórmase en enerxía mecánica. No secador, a enerxía eléctrica transfórmase en enerxía calorífica e mecánica. Na candeia, a enerxía química da cera transfórmase en enerxía luminosa e calorífica.

Páxina 117

Exercicio 1

- Ao evitar excesivos envases reducimos a cantidade de residuos, xa que, unha vez abertos, xa non os necesitamos e tirámoslos ao lixo.
- Ao encher os cartuchos, estamos reutilizándoos en lugar de tiralos.
- Ao fabricar xabón, reutilizamos o aceite que xa non serve para cociñar, que pasa de ser residuo a materia prima.

Exercicio 2

As medidas para aforrar enerxía coa calefacción e o aire acondicionado son: utilízalos só cando son necesarios, poñer termóstatos para manter unha temperatura axeitada, usar persianas e cristais dobres, abrir e pechar as ventás segundo o requira o momento do día.

Páxina 129

Exercicio 1

- Para sacar auga dun pozo, usaría unha polea.
- Para retirar unha rocha moi grande da estrada, usaría unha panca.
- Para subir ou baixar dun piso cunha cadeira de rodas, usaría unha rampla.

Exercicio 2

Tesoiras, abrebotellas, alicate, tenaces, tesoiras de podar.

Exercicio 3

Os motores son compoñentes das máquinas que producen movemento. As engrenaxes son conxuntos de rodas dentadas que transmiten o movemento do motor.